

## Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O **grupo parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda**, a iniciativa da súa deputada Yolanda Díaz Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate no Pleno**, relativa ás necesidades de persoal auxiliar recollidas na Memoria da actividade dos tribunais e xulgados de Galicia no ano 2014.

### Exposición de motivos

A administración de xustiza galega sofre unha crónica falla de persoal agravada nestes anos de crise e recesión polos recortes dos gobernos do PP ate configurar unhas plantillas con taxas elevadas de persoal interino e eventual.

A Memoria é moi crítica coa situación do persoal auxiliar, ao que considera básico para desenvolver axeitadamente o funcionamento da administración de xustiza. Sinala que é necesario que as plantillas estén en todo momento correctamente diseñadas e cubertas por persoal titular con formación suficiente, para engadir a continuación o seguinte:

*“Pero en Galicia continúan sin desaparecer certas anomalías que impiden el adecuado funcionamiento del sistema y, en consecuencia, la prestación de un servicio público de calidad.”*

A Memoria apunta dúas carencias significativas:

- Unha falta ou unha tardía cobertura das prazas vacantes e, sobre todo, das licenzas por enfermidade. As fallas dun funcionamento en parte atomizado do traballo xudicial potencian o efecto negativo da non cobertura das prazas, o que fai imprescindible, nos termos literais da Memoria, que a cobertura das prazas vacantes e das baixas por enfermidade se produza de xeito automático.

- A falla dunha formación axeitada no persoal interino. O informe advirte da falla de formación tanto previa como a posteriori do seu incorporamento, nunha deixación por parte da administración que deixa toda a iniciativa na vontade da traballadora ou traballador.

Fronte a esas carencias, a Memoria formula unha serie de conclusións, das cales este grupo considera urxente priorizar as que achegamos como remate desta iniciativa. Xa que logo, o grupo parlamentario da AGE presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate no Pleno:

- O Parlamento Galego insta á Xunta a implantar un sistema de cobertura de vacantes e das baixas por enfermidade de máis de cinco días que teña a condición de automático.
- O Parlamento Galego insta á Xunta a instaurar os mecanismos que aseguren a formación mínima necesaria anterior ao nomeamento ao persoal funcionario que integre a bolsa de interinos.
- O Parlamento Galego insta ao goberno a cubrir todas as prazas vacantes na administración de xustiza galega e no seu defecto, a convocatoria da totalidade das prazas correspondentes á taxa de reposición dos exercicios 2011-15.

En Compostela, a 3 de setembro do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

**Asinado dixitalmente por:**

**Yolanda Díaz Pérez na data 03/09/2015 11:49:07**